



**SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO  
AMBIENTE, S.A.**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2022 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

Sogama é unha empresa pública autonómica, participada no 51% pola Xunta de Galicia e no 49% por Naturgy Renovables, S.L.U, que se crea no ano 1992 co obxecto de levar a cabo a loxística e tratamento dos residuos urbanos daqueles concellos galegos que, voluntariamente se adscriban ao seu sistema de xestión. A día de hoxe a Sociedade presta o seu servizo a un total de 295 municipios, representando unha poboación atendida de máis de 2.242.000 habitantes. Para levar a cabo a súa actividade industrial, a entidade conta cunha infraestrutura formada por unha rede de 20 plantas de transferencia que, distribuídas polo conxunto do territorio galego, encárganse de transvasar os residuos procedentes da recollida domiciliar a contedores de maior capacidade, aptos para ser transportados, por tren ou estrada, ata o Complexo Medioambiental de Cerceda. Neste, os residuos reciben un tratamento conforme ás súas características, seleccionando a parte susceptible de ser reciclada e valorizando enerxeticamente a fracción non reciclable.

O orzamento do ano 2022 fíxose tendo en conta as premisas e condicionantes principais previstos na revisión do Plan de Viabilidade da Sociedade para os anos 2015 a 2025.

De cara ao exercicio 2022, os esforzos da Sociedade dirixíranse a optimizar o servizo público que presta aos Concellos mediante unha serie de melloras centradas no eido industrial e loxístico, sen esquecer o seu cometido social e educativo. A súa pretensión é reforzar o papel que vén desempeñando na xestión ambiental da Administración Autonómica, a través da xestión sostible dos residuos urbanos, mantendo en todo momento un espírito de apertura cara a novas funcionalidades e aportacións que poida facer para intensificar a protección do medio ambiente e a saúde pública, a loita contra o cambio climático e o benestar e calidade de vida da cidadanía, sempre en plena sintonía coa normativa vixente e as directrices da Unión Europea.

Un dos grandes retos da Sociedade no ano 2022 é continuar coa recuperación de materiais valorizables presentes na fracción resto, prestando especial atención aos envases a fin de incrementar a súa reciclaxe e contribuír deste xeito a dar debido cumprimento aos obxectivos europeos na materia.

Así mesmo, prevé levar a cabo a construción, e posterior xestión, de tres plantas de biorresiduos a ubicar nas provincias de Lugo, Pontevedra e Ourense, e que virán a complementar a propia de Cerceda e outras xa existentes ou futuras (tanto públicas como privadas), así como a substitución das 5 microplantas existentes (Riotorto, Curtis, Ponteceoso, A Lama e A Cañiza) en plantas de transferencia onde se poidan depositar o contedor verde, amarelo e marrón, e tamén haberá unha nova ubicación da planta de transferencia de Cee.

O cumprimento destes retos trae consigo a necesidade de contar con novas instalacións, extremo xa contemplado na adenda de actualización do PXRUG de Galicia 2010-2020 de 31 de xullo de 2014 co obxectivo de dar cumprimento ás directrices europeas de maior reciclaxe e vertido técnico cero.

### I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
E3	CRECEMENTO SOSTIBLE TERRITORIO

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA35	Tratamento residuos e auga.

Xestionar os residuos dos concellos adheridos a Sogama co menor custo medioambiental e económico.

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2022	2023	2024
01	Conservar e protexer o medio ambiente	140.303.442	112.236.577	106.526.188
	<b>TOTAL</b>	<b>140.303.442</b>	<b>112.236.577</b>	<b>106.526.188</b>

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2022	2023	2024
0001	Aumentar a capacidade e a eficiencia	34.417.654	3.250.000	0
0004	Reciclado e tratamento de residuos	104.809.388	107.910.177	105.449.788
0006	Control do cumprimento das condicións ambientais	120.000	120.000	120.000
0007	Actuacións en educación ambiental	956.400	956.400	956.400
	<b>TOTAL</b>	<b>140.303.442</b>	<b>112.236.577</b>	<b>106.526.188</b>

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2022	2023	2024	UNIDADES
	Incrementar % material entregado	-0,5	0,08	0,08	%
	Tm entrada planta compostaxe	635	5.000	10.000	Tm
	Novos compostadores	3.000	3.000	3.000	Número

- Impulsar o modelo de desenvolvemento definido pola economía circular, sendo a súa máxima transformar os residuos en recursos, ben a través da reciclaxe ou ben, cando esta non sexa viable, a través da recuperación da enerxía contida na parte non reciclable, operación que leva a cabo coas máximas garantías para a protección da contorna e a saúde pública.

- Propiciar a reciclaxe, no propio territorio galego, do material recuperado nos residuos urbanos, potenciando ao mesmo tempo a creación de riqueza e emprego na nosa comunidade.

- Contribuír á formación, concienciación e sensibilización ambiental da poboación galega, dando traslado das boas prácticas na xestión sostible do lixo (consumo responsable, redución, reutilización e reciclaxe).

- Promover a compostaxe da materia orgánica contida nos residuos urbanos, tanto no ámbito doméstico coma no industrial. No primeiro caso, cabe sinalar que a empresa xa puxo en marcha programas de autocompostaxe en 405 entidades (concellos, centros escolares e colectivos sociais), tendo repartido máis de 18.000 composteiros. Así mesmo, construír tres novas plantas de biorresiduos en Vilanova de Arousa, Verín e Cervo que complementarán a existente en Cerceda.

- Participar en proxectos de innovación tecnolóxica ambiental que contribúan a transitar desde unha economía lineal a unha circular.

- Fomentar o transporte sostible para os residuos urbanos, dando preferencia ao ferrocarril por ser un medio máis eficiente, fiable, respectuoso co medio ambiente e con menor incidencia a nivel de molestias cidadás. Se ben no ano 2016 transportaba por tren o 25% do lixo, a día de hoxe esta porcentaxe alcanza o 55%.

- Colaborar co eido universitario a través da docencia en masters e cursos de post-grao vencellados ao medio ambiente en xeral e á xestión e tratamento dos residuos urbanos en particular.

O investimento da compañía, de cara aos próximos 2 anos, ascende ao redor de 38 millóns de euros (35 millóns en 2022, 3 millóns en 2023), contemplando a construción e equipamento de tres plantas de biorresiduos (unha na provincia de Pontevedra, outra na de Lugo e outra máis na de Ourense) a fin de dar cobertura a toda Galicia, xa que a de Cerceda comezou a operar tras implantar, determinados concellos limítrofes, a recollida selectiva da fracción orgánica a través do quinto contedor, ademais de ampliar a nosa rede de plantas de transferencia coa construción de 6 novas instalacións.

## I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
Ampliación oficinas Sogama e nova fachada	2.020	2.020	811.798		152924
Ampliación vertedoiro de cinzas	2.019	2.023	1.809.219	117.654	152924
Asistencia Técnica construción Planta Clas envases	2.017	2.019	124.800		152924

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
Coordinación da obra de clasificación envases	2.019	2.019	16.000		152924
Cubrición e vexetación do vertedoiro de Areosa	2.018	2.021	4.399.532		152924
Depuradoras CMC	2.021	2.022	129.442		152924
Depuradoras CMC	2.019	219	98.222		152924
Depuradoras Osmosis Areosa	2.017	2.020	5.053.400		152924
Economizador caldeiras PTE	2.023	2.023	2.500.000		152924
Equipos de vixilancia PRTE	2.017	2.019	8.720		152924
Equipos dosificadores químicos	2.023	2.019	112.800		152924
Equipos informáticos e outros	2.017	2.019	37.779		152924
Inverstimentos varios no CMC	2.019	2.021	220.269		152924
Investimentos Auto compactadores	2.020	2.022	112.077		152924
Investimentos Modificacións CMC	2.019	2.021	274.666		900
Investimentos PCLAS	2.019	2.019	774.576		900
Investimentos licenzas software	2.017	219	62.046		152924
Investimentos modificacións CMC (BREF)	2.022	2.023	750.000		152924
Investimentos sede de traballo	2.019	2.019	10.504		900
Mobiliario e enseres	2.019	2.020	37.268		152924
Nova planta de clasificación de materiais	2.017	2.021	22.078.045		152924
Nova planta de clasificación de materiais Xuros Intercalarios	2.019	2.019	415.313		152924
Novas Plantas de Transferencia	2.020	2.022	7.000.000	7.000.000	152924
Novas plantas de biorresiduos	2.020	2.022	25.055.158	22.500.000	900
Novo Edificio vestiarios masculino	2.019	2.021	225.069		900
Novo edificio de servizos	2.020	2.021	1.575.928		152924
Novo vaso de vertido (num IV)	2.020	2.022	233.786		900
Novo vertedoiro de escouras	2.019	2.020	2.200.000	2.200.000	152924
Plantas de Transferencia e microplantas	2.019	2.022	1.847.994	1.100.000	152924
Plantas de transferencia tolvas de orgánico	2.020	2.021	1.500.000	1.500.000	152924
Plataformas PTE	2.017	2.019	10.276		152924
Reforma da PRTE	2.017	2.021	11.012.502		152924
Reforma da PRTE Xuros intercalarios	2.017	2.019	384.253		152924
Terreos Novas plantas de transferencia	2.020	2.022	279.487		900
Terreos Planta de Biorresiduos	2.020	2.021	2.130.000		152924
		<b>TOTAL</b>	<b>93.290.929</b>	<b>34.417.654</b>	

O orzamento de investimentos para o ano 2022 elaborouse co fin de acometer os investimentos máis importantes que permitan cubrir as necesidades das instalacións. O importe previsto ascende a 34.417.654 euros.

### I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Cerceda	1.539.635	104.346.153	2.317.654
Varios			32.100.000
<b>TOTAL</b>	<b>1.539.635</b>	<b>104.346.153</b>	<b>34.417.654</b>

### I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

#### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

#### INGRESOS

#### Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2022	2023	2024
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	600.000	600.000	600.000
Ingresos financeiros	0	0	0
Prestación de servizos	61.124.065	61.940.315	62.629.186
Vendas	55.031.888	57.609.550	54.041.103
<b>TOTAL</b>	<b>116.755.953</b>	<b>120.149.865</b>	<b>117.270.289</b>

A continuación descríbense as hipóteses de partida utilizadas na elaboración do orzamento de ingresos para o ano 2022 por un importe de 116.755.953 euros co seguinte desgrego:

#### VENDAS E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS

Ingresos por vendas netas.

Ingresos por venda de enerxía eléctrica.

Realizouse unha estimación dos prezos de venda de enerxía eléctrica para cada unha das instalacións de produción a partir da situación actual do mercado eléctrico e as previsións existentes para o ano 2022.

A continuación presentase un desgrego por instalación produtiva e cun porcentaxe de deferenza co orzamento do ano 2021: Vendas da enerxía da Planta Termoeléctrica por importe de 41.112.686 €, Vendas da enerxía da Planta de Coxeneración por importe de 13.470.038 €, Vendas da enerxía da Planta de Biogás por importe de 449.164 €. O Total Orzamento de enerxía ano 2022 por importe de 55.031.888 €, cunha diferenza con

respecto o orzamento 2021 de maior ingreso por importe de 8.623.549 €. Neste sentido, estímase un aumento dos ingresos do 18,58% con respecto ó importe orzamentado no exercicio 2021. A principal diferenza reside na Planta de Coxeneración cun aumento de 18,78%.

Considerouse que durante o ano 2022 os ingresos da venda da enerxía eléctrica basease por un lado na vixente Orde IET/1045/2014, de 16 de xuño, orde pola que se aproban os parámetros retributivos das instalacións aplicables a determinadas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeneración e residuos. Ademais da Orde TED/171/2020, de 24 de febreiro pola que se establece a metodoloxía de actualización da retribución a operación das instalacións co réxime retributivo específico. Por outro lado, os ingresos procedentes da retribución do mercado eléctrico cun prezo medio anual de 8,325 Cent. EURO/kWh.

A nova norma regulatoria, RD 413/2014, de 6 de Xuño, e o desenvolvemento posterior establecido na Orde Ministerial IET/1045/2014, de 16 de xuño, recollen as condicións para garantir unha rendibilidade razoable durante a vida operativa de cada proxecto, sendo suficientes para cubrir os custos de inversión e custos operativos nos que podería incurrir unha instalación eficiente para xerar beneficios. Estas cuestións, así coma o maior prazo de vida regulatoria que pasa a ser de 25 anos en lugar dos 15 anos establecidos ata a data, a partir da cal deixábase de percibir a parte dos ingresos correspondentes as primas e incentivos, fan que o proxecto manteña durante 10 anos (2016-2026) máis unha certa estabilidade nos ingresos a través da venda da enerxía producida. Aínda que segue estando presente a incerteza provocada pola posible revisión e actualización dos parámetros retributivos ó rematar cada período retributivo.

Por outra banda, os desvíos entre a enerxía programada e a realmente vendida estimáronse baseándose na experiencia de anos anteriores en Sogama.

Así mesmo, realizouse unha estimación dos parámetros principais de dispoñibilidade, produción bruta e produción neta.

Orzamentouse o funcionamento de 5 dos 6 motores da PCOG en aras de cumprir e mellorar o Rendemento Eléctrico Equivalente desta instalación.

Coas devanditas hipóteses, a enerxía neta total producida no exercicio estímase en 139.271 MWh na PCOG e 331.667 MWh na PTE.

Por outra, para a planta de aproveitamento do Biogás procedente do Vertedoiro de Areosa, orzamentouse 8.325 MWh, valor estimado baseándose na previsión de descenso na captación de gas nos vasos selados.

O ingreso total por venda de enerxía ascende a 55.031.888 euros no ano 2022.



Ingresos por prestación de Servicios.

Ingresos por Canon de tratamento de Residuos Urbanos e residuos de compost.

Debido ao aumento do prezo de mercado da enerxía e a boa xestión técnica e económica aplicada na sociedade, SOGAMA está en condicións de aplicar unha redución do canon do 5% con respecto ao ano anterior e aplicable a partir do 1 de xaneiro, o canon bonificado de tratamento será de 59,40 euros/t de RU e o canon sen bonificación de 66,00 euros/t de RU.

En canto á cantidade de residuos a tratar, fíxose unha proxección baseada en cantidades reais xestionadas no período xaneiro – xuño de 2021, durante o cal xestionáronse menos toneladas das orzamentadas no ano 2020 para ese mesmo período, en base ao anterior estímase un pequeno descenso do 0,50% con respecto ao orzamentado no ano 2021. Todo iso supón un total de 781.619 t xestionadas para o ano 2022.

O orzamento de ingresos previstos por canon de tratamento de residuos para o ano 2022 ascende a 47.975.774 euros.

Orzamentouse un canon de tratamento do compost de 45,00€/t de residuo orgánico a partir do 1 de xaneiro e unha cantidade de 635 t, o que representa uns ingresos de 28.575 € para o ano 2022.

Ingresos por recollida e clasificación de envases lixeiros.

No relativo ás hipóteses utilizadas, supúxose que SOGAMA recibirá no ano 2022 unhas 31.829 t de residuos de envases, con un incremento do 8,90% con respecto ó ano 2021.

O orzamento de ingresos totais por estes conceptos ascende a 8.748.258 euros no 2022.

Ingresos por envases recuperados de los RSU

Estímase que a nova planta de recuperación de envases encóntrese en pleno funcionamento no ano 2022 polo que estimáronse unhas 18.119 toneladas recuperadas dos diversos materiais, entre os que destacamos aceiro con 3.250 t, aluminio con 1.420 t, Pet con 5.833 t e vidro con 4.058 t.

O ingreso estimado pola venta destes materiais orzáméntase en 4.166.090 euros no 2022.

Ingresos por recuperación de vidro.

No relativo ás hipóteses utilizadas, supúxose que SOGAMA recuperará no ano 2022 adicionalmente unhas 4.776 t de vidro. Esta activade iniciada a finais do ano 2013 estimase que reporte uns ingresos de 205.368 euros no exercicio 2022.

Outros ingresos de explotación

Repercusión de gastos a provedores.

Este capítulo recolle os gastos realizados por Sogama que se repercuten a distintos provedores, segundo os contratos en vigor, como son o consumo de enerxía e teléfonos, e outros ingresos.

Todos estes conceptos estímense nun importe de 600.000,00 euros

### Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Subvencións Correntes recibidas da C.A.	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

## GASTOS

### Gastos de persoal

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Nº Empregados	23	24	24
Custo Total	1.338.121	1.501.622	1.539.635
Custo Medio	58.179	62.568	64.151

O orzamento de gastos de persoal de Sogama desenvolveuse para o ano 2022, baseándose nos custos de equipo que xorden do actual cadro de persoal e a remuneración por antigüidade a quen lle corresponda segundo Convenio Colectivo de aplicación, ademais de ter en conta a previsión de incremento retributivo dun 2%.

Igualmente, como en anos anteriores, considéranse dúas partidas que resultan necesarias para dar cobertura a continxencias de horas extras e formación oficial regulada.

O orzamento de gastos de persoal para o ano 2022 ascende a 1.539.635 €.

### Outras remuneracións ao persoal

Dentro dos gastos da sociedade inclúense as dietas por asistencia as sesións do Consello de Administración. Este gasto ten un orzamento de 28.050,00 euros e presenta o seguinte desgase: Nº de Conselleiros II, dos cales pertencen a Xunta de Galicia 6 Conselleiros e a Naturgy Renovables, S.L.U. 5 Conselleiros.

## Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
Combustibles	10.881.397	11.459.170	14.776.298	16.370.243	14.647.060
Enerxía SSAA	3.983.183	5.891.256	6.373.290	4.815.453	4.095.126
O&M Biogás	172.049	232.070	211.066	211.066	211.066
O&M PRTE	17.063.855	17.822.916	17.505.921	18.187.220	18.201.797
O&M Planta Termoeléctrica e Planta de Coxeración	15.537.446	16.831.495	18.937.055	20.071.024	20.071.024
O&M Vertedoiro Areosa	5.871.796	5.985.581	5.866.268	5.866.669	5.867.070
Resto de Servizos Exteriores	5.540.504	5.154.877	5.339.100	5.299.700	5.444.435
Servizos Exteriores Consumo de aditivos	1.861.946	2.262.174	1.943.322	1.919.161	1.914.329
Servizos Exteriores Depuración de augas	2.219.801	2.271.893	1.548.825	1.548.825	1.548.825
Servizos Exteriores Recuperación vidro	504.156	637.500	202.980	202.980	202.980
Servizos Exteriores Secretaria Xeral	760.985	975.097	918.968	918.968	918.968
Servizos Exteriores Selección de envases lixeiros	2.898.862	2.847.713	3.101.269	3.101.269	3.101.269
Servizos Exteriores Transferencia de Residuos Urbáns	3.721.622	4.060.396	4.001.889	4.224.128	4.227.514
Transporte BN+BA	16.089.935	16.749.690	16.931.582	17.768.253	17.940.278
Xestión de residuos Covid-19	873.707	0	0	0	0
Xestión da planta de compostaxe	422	14.091	5.423	5.423	19.642
<b>TOTAL</b>	<b>87.981.666</b>	<b>93.195.919</b>	<b>97.663.256</b>	<b>100.510.382</b>	<b>98.411.383</b>

○ orzamento de servizos exteriores ascende a 97.663.256€ e representa unha variación do +1,048% con respecto ao orzamento fixado do ano 2021.

○ importe de servizos exteriores aumenta en 4.467.337 euros sobre o importe orzamentado no exercicio 2021. As partidas que maiores variacións sufriron con respecto ao orzamento 2021 son as seguintes:

○ contrato de operación e mantemento da Planta Termoeléctrica e de coxeración aumenta en 2.105.560 € con respecto ao orzamento 2021 debido aos maiores costes asociados a nova licitación do contrato no que ademais recóllense mais obrigas por parte do adxudicatario, e tense en conta a idade e desgaste dos equipos que compoñen as instalacións. A este respecto orzamentáanse 318.852 € menos en consumo de aditivos con respecto ao ano 2021, que serán asumidos polo novo adxudicatario do contrato.

Debido ao alza dos prezos da enerxía orzamentouse un maior coste do subministro do gas natural con unha contía de 3.317.128€ mais que no orzamento do 2021. E tamén se teñen en conta un maior custo do subministro de enerxía dos Servizos Auxiliares (SSAA) con un importe de 482.034 € con respecto ao orzamento de 2021.

O contrato de Operación e mantemento da Planta automática de clasificación de envases lixeiros aumenta en 253.556 euros con respecto a ano 2021 debido á maior recollida e recuperación dos envases lixeiros.

Noutra orde de cousas, o investimento correspondente á instalación de plantas de tratamento de osmose inversa no vertedoiro de Areosa, por importe de 5.040.000 €, levouse a cabo no ano 2020. Deste xeito, mellórase a capacidade da depuradora de lixiviados e redúcense custos respecto ao contrato anterior, o que representa unha diminución do custo de servizos exteriores depuración de augas de 723.068€ con respecto ao ano 2021.

#### APROVISIONAMENTOS

Neste apartado recóllense as compras de enerxía que teñen lugar con motivo da participación no mercado eléctrico (compras e desvíos).

No orzamento para o ano 2022 estes aprovisionamentos ascenden a 810.873 euros.

#### TRIBUTOS

Orzaméntanse neste capítulo os tributos aos que debe facer fronte a Sociedade no normal exercicio da súa función. Deste modo, recollese para todas as instalacións, no ano 2022, o Imposto de Actividades Económicas (IAE), o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI), e outras Taxas, inclúese neste apartado o imposto sobre a produción eléctrica que representa un 7% do ingreso por venda de enerxía. O importe total deste epígrafe orzamentouse para o ano 2022 un importe de 4.815.592 euros.

#### OUTROS GASTOS DE XESTIÓN CORRENTE

Inclúese unha partida cun orzamento de 190.000€ para atender outros gastos de xestión.

#### GASTOS FINANCEIROS

Neste capítulo, orzaméntanse os gastos correspondentes aos xuros dos empréstitos operativos da sociedade, así como os costes financeiros dos avais formalizados.

Os principais gastos financeiros orzamentados están vinculados ao contrato da construción da nova planta de recuperación de materiais valorizables a partir da fracción resto

no Complexo Medioambiental de Cerceda (CMC) así como dos investimentos asociados as plantas de compostaxe cun orzamento para este ano de 160.113 euros.

Outros gastos financeiros, custo dos avales formalizados, comisión de apertura, etc., incluídos neste epígrafe supoñen un importe de 150.000 euros.

O importe anual previsto para o ano 2022 ascende a 310.113 euros.

### Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Amortización Inmovilizado Inmaterial	11.607.170	12.808.846	13.088.061
Amortización Inmovilizado Material	37.936	20.233	20.233
<b>TOTAL</b>	<b>11.645.106</b>	<b>12.829.079</b>	<b>13.108.294</b>

Orzamentáronse 13.108.294 euros para o ano 2022, o que representa unha variación con respecto ao exercicio 2021 do 2,18%, debido á incorporación a explotación das novas inversións na actividade produtiva da sociedade.

### Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Subvencións concedidas pola entidade	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Non se estima orzamento ningún neste epígrafe.

### I.4.2. Previsións Orzamento de capital

#### ORIXES

#### Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIONES DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Subvencións de Capital recibidas da C.A.	0	5.750.000	24.250.000
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>5.750.000</b>	<b>24.250.000</b>

Os investimentos previstos no ano 2022 van ser financiados nunha parte, cos ingresos xerados pola Sociedade, tendo en conta o mecanismo que garante o cobro das facturas desta Sociedade recollido no apartado 6 da Disposición adicional 21 da Lei 11/2013 de orzamentos xerais da CC.AA Galicia para o ano 2014, na que se establece a retención do Fondo de Cooperación Local para garantir a viabilidade do sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos.

E por outra banda, neste apartado, concédense, por razóns de interese público, social e económico, subvencións directas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Vivenda a SOGAMA a través da subscrición de dous convenios colaboración para ampliar e reforzar a rede de plantas de transferencia de Galicia mediante a construción de 6 novas plantas e para a construción de 3 novas plantas de biorresiduos en Galicia, que se financiarán no marco do eixo REACT- UE do PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia do Covid-19.

O importe a subvencionar para o ano 2022 con fondos REACT para a construción das tres novas plantas de biorresiduos estímase en 20.000.000,00 euros.

Para a construción das seis plantas de transferencia de residuos urbanos en Galicia, o importe a subvencionar con fondos REACT para o ano 2022 estímase en 4.250.000,00 euros.

### Achegas patrimoniais

APORTACIÓNS DE RECURSOS PROPIOS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Subvencións de Capital Recibidas da UE	0	0	0
Subvencións de Capital Recibidas do Estado	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

### Financiamento alleo a longo prazo

PRÉSTAMOS E CRÉDITOS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Préstamos e Créditos da C.A.	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Non está previsto neste exercicio orzamentario a formalización de novo endebedamento financeiro con entidades financeiras a longo prazo.

No exercicio 2022 procederase á amortización anual do préstamo bancario por importe de 3.000.000 € formalizado cun prazo de 5 anos co fin de financiar a inversión da Planta de Clasificación de materiais contidos nos residuos urbanos e a modificación da actual planta PRTE.

Ademais con respecto ó contrato da obra da nova planta de tratamento de lixiviados das depuradoras do vertedoiro de Areosa amortizarase o importe pendente por unha contía de 1.400.000 €.

### Remanente de Tesourería

	2020	2021
1. Fondos líquidos	26.781.642	25.141.590
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	21.229.140	22.654.960
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	21.229.140	22.654.960
3. Obrigas pendentes de pago (-)	9.666.537	14.478.487

	2020	2021
Do orzamento corrente		
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais	9.666.537	14.478.487
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	38.344.245	33.318.063
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	38.344.245	33.318.063

## APLICACIÓNS

### Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Ampliación vertedoiro de cinzas do CMC	1.058.393	633.172	117.654
Construcións Novo edificio de servizos CMC	152.160	1.423.768	
Cubrición e vexetación do vertedoiro de Areosa		4.399.532	
Inmovilizado en curso Instalac Depuradoras Osmosis Areosa	4.773.400	0	0
Instalac Técnicas Inversion Planta Clasificación de Envases	152.173	3.038.967	0
Instalacións Técnicas Plantas de Transferencia	240.114		1.100.000
Instalacións Técnicas Reforma da PRTE	864.866	198.078	
Instalacións Técnicas: Actuacións de mellora Depuradora CMC	129.442		
Investimentos sede de traballo: ampliación oficinas e nova fachada		811.798	
Mobiliario e enseres	28.635		
Novas Plantas de Biorresiduos		2.500.000	22.500.000
Novas plantas de transferencia			7.000.000
Novo vaso de vertido en Areosa		233.786	
Novo vertedoiro de escouras			2.200.000
Outro Inmov Material varios	177.420	181.248	
Plantas de transferencia tolvas de orgánico			1.500.000
Reforma do vestiario masculino	203.576		
Terreos Planta de Biorresiduos		2.130.000	0
Terreos novas plantas de transferencia		279.487	
<b>TOTAL</b>	<b>7.780.179</b>	<b>15.829.836</b>	<b>34.417.654</b>

### TIPOLOXÍA E IMPORTE DOS INVESTIMENTOS.

O orzamento de investimentos para o ano 2022 elaborouse co fin de acometer os investimentos máis importantes que permitan cubrir as necesidades das instalacións. O importe previsto ascende a 34.417.654 euros.

En función destas necesidades, de distinta índole, resúmense a continuación as actuacións que se propón realizar.

Os investimentos para a ampliación supoñen un importe de 33.317.654 euros, dentro dos cales destaca a inversión nas tres plantas de compostaxe por importe de 22.500.000 euros e as seis novas plantas de transferencia por importe de 8.500.000 € ademais de outros investimentos cun importe de 2.317.654 €.

Os investimentos de substitución, renovación e seguridade que se destinarán fundamentalmente a melloras nas actuais plantas de transferencia e microplantas cun importe de 1.100.000 €.

### Adquisicións de inmovilizado financeiro

ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO FINANCEIRO	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
ADQUISICIÓNS DE INMOBILIZADO FINANCEIRO	0	500.000	0
<b>TOTAL</b>	<b>0</b>	<b>500.000</b>	<b>0</b>

Recóllese neste epígrafe a aportación de Sogama do 10% do capital social da entidade Sociedade para o Desenvolvemento de Proxectos Estratéxicos de Galicia, S.L. formalizada en maio de 2021.



ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) ACTIVO NON CORRENTE		118.907	124.286	149.546
I. Inmovilizado intanxible		105	115	94
1. Desenvolvemento				
2. Concesións		63	59	55
3. Patentes, licencias, marcas e similares		1	1	1
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas		41	54	38
6. Outro inmovilizado intanxible				
II. Inmovilizado material		113.309	117.789	139.021
1. Terreos e construcións		10.181	13.102	13.022
2. Instalacións técnicas, e outro inmovilizado material		101.833	102.354	92.265
3. Inmovilizado en curso e anticipos		1.296	2.332	33.733
III. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo			500	500
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros			500	500
V. Inversións financeiras a longo prazo		419	237	27
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros		392	210	
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros		27	27	27
VI. Activos por imposto diferido		5.073	5.646	9.905
B) ACTIVO CORRENTE		48.494	48.310	50.899
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias				
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores				
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		21.229	22.655	24.519
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		18.320	22.649	21.450
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios		7	6	6
4. Persoal				
5. Activos por imposto corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		2.902		3.063
7. Accionistas ( socios ) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo		98	18	13
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros		98	18	13
VI. Periodificacións a curto prazo		385	496	421

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022				
SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	26.782	25.142	25.947
	1. Tesourería	26.782	25.142	25.947
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	<b>TOTAL ACTIVO ( A+B )</b>	<b>167.401</b>	<b>172.596</b>	<b>200.445</b>

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) PATRIMONIO NETO		114.300	125.094	141.779
A.1) Fondos propios		99.337	108.090	108.796
I. Capital		31.967	31.967	31.967
1. Capital escriturado		31.967	31.967	31.967
2. ( Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		61.844	67.370	76.123
1. Legal e estatutarias		6.393	6.393	6.393
2. Outras reservas		55.450	60.976	69.729
IV. ( Accións e participacións no patrimonio propias )				
V. Resultados de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. ( Resultados negativos de exercicios anteriores)				
VI. Outras aportacións de socios				
VII. Resultado do exercicio		5.526	8.753	706
VIII. ( Dividendo a conta )				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos		14.963	17.004	32.983
B) PASIVO NON CORRENTE		38.865	28.304	31.073
I. Provisións a longo prazo		11.862	12.240	12.682
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal				
2. Actuacións medioambientais		11.862	12.240	12.682
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras provisións				
II. Débedas a longo prazo		21.802	10.500	7.500
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito			10.500	7.500
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		21.802		
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido		5.201	5.564	10.891
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		14.235	19.199	27.594
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo		250	320	250
III. Débedas a curto prazo		4.319	4.400	3.000
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito			3.000	3.000
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		4.319	1.400	
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		9.667	14.478	24.344
1. Provedores			2.750	12.750
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios		8.740	10.785	10.807
4. Persoal ( remuneracións pendentes de pago)		10	10	9
5. Pasivos por imposto corrente		97	121	209
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		819	812	568
7. Anticipos clientes				
VI. Periodificacións a curto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO ( A+B+C )		167.401	172.596	200.445

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022**

**ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN**

**SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.**

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	109.362	123.081	116.156
	a) Ventas	44.727	60.408	55.032
	b) Prestacións de servizos	64.635	62.673	61.124
	2. Variación de existencias de pto terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos	-824	-832	-811
	Consumo de mercaderías	-824	-832	-811
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	Traballos realizados por outras empresas			
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación	1.022	600	600
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	1.022	600	600
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio			
	6. Gastos de persoal	-1.338	-1.502	-1.540
	Soldos, salarios e asimilados	-1.043	-1.155	-1.175
	Cargas sociais	-295	-346	-365
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-91.683	-95.660	-102.669
	Servizos exteriores	-87.982	-93.196	-97.663
	Tributos	-3.695	-2.274	-4.816
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais			
	Outros gastos de xestión corrente	-6	-190	-190
	8. Amortización do inmovilizado	-11.645	-12.829	-13.108
	Amortización do inmovilizado intanxible	-38	-20	-20
	Amortización do inmovilizado material	-11.607	-12.809	-13.088
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	2.979	2.944	2.944
	10. Excesos de provisións	23		
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	331		
	Gastos excepcionais			
	Ingresos excepcionais	331		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	8.228	15.803	1.573
	14. Ingresos financeiros	51		
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	51		
	15. Gastos financeiros	-745	-465	-310
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.	-745	-465	-310
	c) Por actualización de provisións			
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	-694	-465	-310
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	7.534	15.337	1.262
	20. Imposto sobre beneficios	-2.008	-6.584	-556

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	5.526	8.753	706
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	5.526	8.753	706

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022**

**Formulario SPA.04**

**SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
<b>A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN</b>			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	7.534	15.337	1.262
2. Axustes no resultado	6.094	5.455	2.937
a. Amortización do inmovilizado (+)	11.645	12.829	13.108
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)	723	372	
d. Imputación de subvencións (-)	-2.979	-2.944	-2.944
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-51		
h. Gastos financeiros (+)	745	465	310
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)	-3.988	-5.267	-7.537
3. Trocos no capital corrente	832	5.943	11.729
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	831	1.426	1.864
c. Outros activos correntes (+/-)	-88		
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	89	4.812	9.865
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)		-295	
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-3.625	-7.050	-556
a. Pagos de intereses (-)	-745	-465	
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	51		
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)	-347	-6.584	-556
e. Outros pagos/cobros (-/+)	-2.584		
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	10.835	19.685	15.373
<b>B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>			
6. Pagos por investimentos (-)	-7.283	-15.830	-34.418
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-3		
c. Inmovilizado material	-7.279	-15.830	-34.418
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)			
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-7.283	-15.830	-34.418
<b>C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN</b>			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio		5.750	24.250
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)		5.750	24.250
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro		-11.246	-4.400
a. Emisión		15.000	
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)		15.000	
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

**ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022**

**Formulario SPA.04**

**SOC. GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, S.A.**

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
b. Devolución e amortización de:		-26.246	-4.400
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)		-1.500	-3.000
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)		-24.746	-1.400
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio			
a. Dividendos (-)			
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)		-5.496	19.850
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	3.552	-1.640	805
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	23.229	26.782	25.142
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	26.782	25.142	25.947

